

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



IES FONMIÑÁ
A PASTORIZA (LUGO)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ANÁLISE DO CONTEXTO	3
2.1. Situación do centro e análise do contexto socioeconómico e cultural da zona.	3
2.2. Lingua de comunicación.....	4
2.3. Valores e principios educativos do noso centro:	7
2.4. Obxectivos adaptados ao contexto (adecuación e concreción dos obxectivos xerais da etapa ao contexto socioeconómico do centro e as características do noso alumnado).....	9
2.5. Difusión deste Proxecto Educativo.....	12
2.6. Avaliación do proxecto educativo.....	12
3. ORGANIZACIÓN XERAL DO INSTITUTO.....	12
3.1. Tipoloxía escolar.....	12
3.2. Estrutura física do centro.....	13
3.2.1. Descrición do recinto escolar.....	13
3.2.2. Horario de apertura das instalacións.....	15
3.3. Estrutura organizativa do centro	15
3.3.1. Órganos de goberno:	15
3.3.2. Órganos de coordinación docente:.....	16
3.3.3. Alumnado.....	19
3.3.4. O colectivo de pais/nais/titores legais do alumnado.....	19
3.3.5. Persoal non docente.....	20
3.3.6. Servizos complementarios: comedor e transporte escolares.....	20
3.3.7. Colaboración cos servizos sociais e educativos do Concello e outras institucións.....	21
4. ASPECTOS CURRICULARES.....	21
4.1. Oferta educativa do centro:	21
4.2. Materias de libre configuración.....	26
4.3. Metodoloxía: directrices xerais.....	26
4.4. Tratamento de temas transversais.....	27

4.5.	Criterios para o agrupamento do alumnado.....	31
4.6.	Criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios.....	32
4.7.	Criterios xerais de avaliación, promoción e titulación.	32
4.7.1.	Avaliación inicial.	32
4.7.2.	Avaliación continua.	33
4.7.3.	Criterios de avaliación comúns acordados polo Claustro.....	33
4.7.4.	Criterios de promoción na ESO.	34
4.7.5.	Criterios para a titulación na ESO.	35
4.7.6.	Criterios para obter matrícula de honra ao finalizar a ESO.	36
4.8.	Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas.	37
4.9.	Atención á diversidade: estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	37
4.10.	Criterios para a organización de actividades complementarias e extraescolares.	39
4.10.1.	Contribución ás competencias básicas.	39
4.10.2.	Criterios xerais para a súa realización.	41
5.	ACCIÓN TITORIAL.....	43
5.1.	Liñas xerais para a elaboración do Plan de Acción Titorial.....	43
5.2.	Criterios para escoller tutores/as.....	44
5.3.	Compromisos educativos coas familias.....	45
6.	PLANS E PROXECTOS DO CENTRO:.....	45

ANEXO 1: BIBLIOGRAFÍA.

1. INTRODUCCIÓN

A presente actualización do proxecto educativo do I.E.S. Fonmiñá de A Pastoriza (Lugo) terá como referente fundamental a lexislación vixente aplicable ao contexto educativo no momento da súa elaboración e que figura no **anexo 1**.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1. Situación do centro e análise do contexto socioeconómico e cultural da zona.

O IES Fonmiñá é un instituto de ensinanza secundaria (sen Bacharelato) situado no Concello de A Pastoriza (Lugo), que conta con dous colexios adscritos, o CEIP O Salvador en A Pastoriza e o CEIP de Bretoña, onde estudaron a maioría dos alumnos e alumnas do noso centro antes de acceder á ESO.

Cando o instituto comezou a súa andaina no curso 1998-1999 contabamos con 121 alumnos e alumnas, chegando a un máximo de 180 nos anos inmediatamente posteriores, ao completarse a impartición nos catro cursos da ESO. Como vén sendo habitual nos centros da contorna rural, o número de alumnado matriculado foi diminuindo paulatinamente. A tendencia adoita ser á baixa en todos os centros do interior da provincia de Lugo, debido principalmente a unha baixa natalidade e ao despoboamento das zonas rurais, e o IES Fonmiñá non é unha excepción.

O Concello de A Pastoriza, pertencente á provincia de Lugo e á diocese de Mondoñedo-Ferrol, limita con Mondoñedo, Abadín, Riotorto, Cospeito, Pol e Meira. Ten unha extensión de 175 quilómetros cadrados e na actualidade conta cunha poboación de 3133 habitantes distribuídos en 19 parroquias, cunha densidade demográfica de 17,9 habitantes por quilómetro cadrado.

A Pastoriza pertence á comarca da Terra Cha, que constitúe a parte setentrional da meseta lucense, e as súas altitudes oscilan entre os 400 metros da cunca do Miño e os 800 dos picos do Cordal de Neda. O clima é oceánico-continental, con abundantes precipitacións e cunha temperatura media anual baixa, arredor dos 12 graos centígrados. A humidade da zona débese ás brisas marítimas procedentes do Cantábrico.

Estamos nunha área eminentemente rural cuxos habitantes se dedican na súa maioría a actividades agrícolas e gandeiras, que son a principal fonte de ingresos da zona. Para ter unha idea da importancia do sector, cómpre destacar que A Pastoriza está sempre entre os concellos de Galicia e de España con maior produción leiteira. O feito de que a comarca de A Pastoriza fora pioneira na concentración parcelaria durante os anos 70 e 80 favoreceu a extensión das terras de cultivo e a consecuente especialización agrícola e gandeira. Con todo, o número de explotacións de leite diminuíu drasticamente nos últimos anos por varias razóns, desde o despoboamento do rural por mor das migracións ás cidades, á integración de varias granxas en unidades moito maiores e máis intensivas (cooperativas) ou ao cambio de orientación produtiva de leite a carne.

En canto á industria, habería que destacar a existencia de canteiras de lousa e pavimentos, empresas de construción e de transportes, fábrica de pensos, piscifactorías, etc. O concello conta cun polígono industrial infrautilizado.

Unha minoría dos proxenitores ten negocios autónomos (tendas, talleres mecánicos, hostalería, transportistas...) e tamén hai un número considerable de pais que traballan como albaneis, e de nais que exercen como coidadoras de anciáns, traballos todos estes que tamén compaxinan en bastantes casos cos labores do campo. Así mesmo, temos algúns pais e nais que desempeñan actividades diferentes ás propias da contorna, coma a de mestres, administrativos, comerciais, etc., pero trátase de grupos reducidos. Agás un pequeno grupo con estudos medios (o antigo Bacharelato e Ciclos de FP) e un moi reducido con estudos universitarios, a maior parte dos pais e nais do alumnado do centro posúe estudos básicos.

En canto a actividades deportivas e culturais, o Concello de A Pastoriza conta con "Escolas Deportivas Municipais", cunha ampla oferta de actividades, dende diferentes tipos de deportes (atletismo, fútbol sala, natación, patinaxe, badminton, etc.) ata actividades como informática, baile e música tradicionais, manualidades, etc. Así mesmo, ofrece distintas actividades culturais que se desenvolven na Biblioteca Municipal, na Casa da Cultura.

2.2. Lingua de comunicación.

a) O contorno sociolingüístico do centro.

Canto ao idioma das súas relacións familiares, sociais e laborais, o galego é o empregado na inmensa maioría. Cando hai algunha familia procedente doutros países ou comunidades autónomas adoitan utilizar o castelán como lingua habitual entre eles, pero tamén empregan o galego con normalidade.

Malia que o galego segue a ser lingua maioritaria, a situación diglósica é palpable nalgúns ámbitos como o administrativo, o comercial ou na lingua escrita en xeral, nos que o castelán predomina sobre o galego. No caso da lingua escrita é debido a que os pais non aprenderon ou non teñen hábito de usar a lingua galega para usos formais.

Con todo, a actitude cara ao galego é positiva –mesmo reivindicativa nalgúns casos- e ninguén renega do seu uso nin adoita mudar de lingua se o outro interlocutor se dirixe en castelán.

b) A situación do profesorado.

Entre o profesorado do IES Fonmiñá a actitude cara ao galego, en xeral, non é negativa en ningún membro do equipo docente. Mesmo o profesorado plenamente castelanfalante adoita ser tolerante e respectuoso co alumnado galegofalante . Así e todo temos que notar que non se apreza un esforzo especial por parte destes docentes por se comunicaren en galego, alegando falta de costume ou dificultades para falalo ou impartir clase nese idioma, pese a teren competencias e ferramentas abondas para realizalo. Pero tampouco poñen atrancos á hora de redactar en lingua galega documentos, material de traballo, organizar actividades ou elaborar algún artigo para a revista escolar, entre outras cousas. En xeral, a maioría do profesorado alterna as dúas linguas no seu traballo. Esa é a situación máis habitual no noso centro.

Cómpre destacar que existe unha minoría do profesorado monolingüe en lingua galega, que fala o idioma movidos polo seu entorno familiar, pero sobre todo por reivindicación lingüística.

c) A situación do alumnado.

No que respecta ao alumnado do IES Fonmiñá, xa mencionamos anteriormente que o galego era a lingua habitual de case todos os rapaces e rapazas do centro. Na maioría dos casos son monolingües en galego e cando se lles ten preguntado sobre os seus hábitos de uso, practicamente todos reivindicán e apoian o seu uso e aseguran utilizalo en todos os

ámbitos, mesmo fóra da súa contorna habitual e en contornos castelanfalantes. Non podemos esquecer que as súas familias, na súa maioría, forman parte do sector agrícola e gandeiro no que a lingua habitual é o galego, que en moitas ocasións, de xeito espontáneo, cualifican de “castrapo” polos castelanismos que o contaminan.

Por ese motivo, coidamos que un dos obxectivos do Equipo de Dinamización Lingüística debería ser mentalizar ao noso alumnado para que non relacionen a súa lingua co rural e coa xente sen formación e que poden utilizala en calquera rexistro. Parte da “culpa” de que os alumnos pensen así son os medios de comunicación e as redes sociais, e acaban asociando o moderno e o actual co castelán, e o galego co enxebre e o rudo, tamén fomentado por programas televisivos de canles autonómicas. Temos que ter en conta que a estas idades (entre 12 e 16 anos) son moi facilmente influenciábeis. O resultado na aula en moitos casos é unha mala competencia escrita en galego e en castelán, con moitas interferencias entre ambos os dous idiomas.

d) A situación lingüística no centro.

Neste apartado aproveitaremos para falar dos hábitos lingüísticos do resto dos integrantes da comunidade educativa do IES Fonmiñá. O persoal non docente, isto é a administrativa, o conserxe, os limpadores, o persoal do comedor (o comedor é un servizo asignado a unha empresa externa pero con traballadoras do municipio) e mais o persoal do servizo de transporte escolar utilizan o galego como lingua de comunicación habitual, tanto na atención ao persoal coma na escrita e na comunicación privada. En todos eles, agás no conserxe, é a súa lingua materna.

Todos os documentos oficiais do centro (oficios, actas, notificacións de actividades, notificacións a pais/nais e membros do Claustro, partes de amoestación, solicitudes, anuncios, autorizacións para actividades extraescolares, convocatorias, proxectos, etc.) redáctanse integramente en lingua galega.

As reunións de Claustros, CCP, avaliacións, Consello Escolar, de carácter informativo para pais e nais dos alumnos/as, realízanse en lingua galega. Así e todo, nas reunións nas que participan case todos os membros do equipo docente (claustros, avaliacións, CCP) téndese a alternar o uso do galego co castelán, dependendo de quen interveña, malia que a lingua de arrinque é o galego.

Na biblioteca tamén se utiliza o galego para promocionar as súas actividades -agás cando se tratan de temas relacionados coa literatura española-, redactar as normas ou elaborar as fichas de empréstito. O mesmo fan os demais departamentos didácticos na organización das súas actividades.

Os contidos da web do IES Fonmiñá e nos perfís do centro en Facebook e Instagram tamén están redactados en lingua galega:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfonmina/>

Podemos concluír este apartado sinalando que nunca houbo conflitos nin actitudes evidentes de rexeitamento da promoción do uso do galego no centro.

En todo caso, queremos destacar que no noso centro respectarase o uso das dúas linguas cooficiais da Comunidade Galega, atendendo ao expresamente lexislado e manifestando o noso compromiso de non discriminación por razóns lingüísticas.

2.3. Valores e principios educativos do noso centro:

Como parte dun sistema público de ensino baseado na liberdade ideolóxica e relixiosa dos individuos e a aconfesionalidade do estado, o IES Fonmiñá declárase:

- **Neutral e aconfesional.** O centro declárase aconfesional como institución e será respectuoso cos distintos modos de pensar e coas crenzas dos membros da comunidade educativa (profesorado, alumnado, persoal non docente e pais/nais do alumnado), sempre que se sitúen dentro do marco dos dereitos humanos e do respecto á Constitución Española e ó resto do ordenamento xurídico.
- **Comprometido coa calidade do ensino público,** entendendo que este debe impartirse de xeito dinámico nun proceso constante de mellora e de adaptación aos novos requirimentos e expectativas da sociedade. Así mesmo, consideramos a educación básica como unha formación integral das persoas como cidadáns críticos e conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, capaces de cuestionarse a realidade do noso entorno.
- **Defensor da liberdade de cátedra,** entendendo por tal o dereito dos ensinantes a expoñer, sen adoutrinamento, proselitismo ou sectarismo, o seu enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto ás normas establecidas e ás opinións discrepantes.

- **Defensor dos valores cívicos e democráticos.** O noso centro, considerando o pluralismo ideolóxico como valor fundamental e requisito dun sistema democrático, garantirá a liberdade de conciencia, de pensamento e de expresión, o dereito a unha información veraz e o respecto mutuo das opinións. O centro protexerá o dereito ao honor e a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, facendo especial fincapé no bo uso das novas tecnoloxías. Promoveranse hábitos de orde, respecto e bo trato, a través do coñecemento das normas sociais e de convivencia, como parte dun ambiente propicio para o estudo e a educación. O bo uso e coidado do material común, así como o respecto a bens e pertenzas dos demais, formarán parte das normas básicas de convivencia. A educación e a convivencia levaranse a cabo nun marco de solidariedade, tolerancia e respecto á liberdade de cada cal, á súa personalidade e conviccións, fomentando a participación de todos os estamentos da comunidade educativa.
- **Defensor da igualdade entre homes e mulleres.** O centro protexerá o dereito de todos os membros da comunidade educativa a recibir un trato igual, sen que poidan establecerse diferenzas por razón de sexo, promovendo a superación de estereotipos que na práctica tenden á diferenciación de roles entre o home e a muller. En particular, non se admitirán entre alumnos e alumnas, nin no resto dos membros da comunidade educativa, as desigualdades sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou cunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida. Nas situacións nas que sexa procedente un trato diferenciado do alumnado, este realizarase co obxectivo de corrixir desigualdades persoais que dificultan de feito a aprendizaxe.
- **Defensor da equidade.** Así mesmo, rexeitaremos calquera tipo de discriminación por razóns de etnia, procedencia, saúde, orientación sexual ou calquera outra circunstancia persoal ou social, asegurando a inclusión educativa e un trato equitativo nas relacións entre o alumnado e co persoal do centro. Para iso empregaremos, de ser necesario, todas as medidas de atención á diversidade establecidas na lexislación vixente e tentaremos que todo o alumnado consiga adquirir as competencias básicas que lles permitan ou ben completar e/ou continuar os seus estudos ou ben incorporarse ao mercado laboral.

- **Respectuoso co medio ambiente.** O noso centro promoverá valores como o respecto pola contorna, inculcando na comunidade educativa actitudes ecolóxicas para a conservación dos recursos e aproveitamento dos mesmos. Así mesmo, trataremos de infundir a convicción de que é necesario protexer o medio ambiente e levar a cabo iniciativas destinadas a tomar conciencia desta necesidade.
- **Promotor dun estilo de vida saudable.** O IES Fonmiñá foi pioneiro na impartición do programa “RCP na aula” (en colaboración coa Consellería de Educación e o Servizo Galego de Saúde) que supuxo a formación do alumnado e do profesorado en técnicas de soporte vital básico. Así mesmo, consideramos importante formar ao noso alumnado en hábitos de vida saudable (dieta sa e equilibrada, exercicio físico habitual, coidado da hixiene persoal, etc.) ademais de informalos a través das distintas materias e/ou de charlas e obradoiros sobre temas relacionados coa saúde (desordes alimentarios, nutrición, imaxe persoal, etc.).
- **Impulsor das novas tecnoloxías (TIC)** O noso centro promoverá o bo uso das novas tecnoloxías entre o alumnado, empregándoas na clase cando cumpra, coa fin de que adquiran as habilidades necesarias para integrarse nunha sociedade cada vez máis dependente delas.

2.4. Obxectivos adaptados ao contexto (adecuación e concreción dos obxectivos xerais da etapa ao contexto socioeconómico do centro e as características do noso alumnado).

Segundo recolle a LOMCE (art.23) e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (art.10): *“A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; prepararlos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.”*

Deste xeito, propoñémonos desenvolver no noso alumnado de educación secundaria obrigatoria as capacidades que lles permitan acadar os seguintes obxectivos:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos e respectar os dos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en grupo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de trato e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia de xénero.
- d) Fortalecer as súas habilidades sociais e as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, para aprender a resolver pacificamente os conflitos, rexeitando a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e os comentarios malintencionados que poidan conducir a unha situación de acoso e/ou ciberacoso. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha boa preparación no campo das novas tecnoloxías, tanto para que teñan as destrezas necesarias para utilizalas no seu día a día, como para que coñezan os perigos asociados a un mal uso delas.
- f) Concibir o coñecemento científico e técnico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia, adquirindo actitudes éticas, de análise da súa eficacia e eficiencia, particularmente en diferentes situacións da vida cotiá.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Para iso, promoveremos a

participación social da comunidade educativa nos órganos de goberno e no alumnado a través das distintas materias.

- h) Comprender e expresar con corrección textos e mensaxes complexas, oralmente e por escrito, nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma (galego e castelán); valorar a lectura e iniciarse no coñecemento e o estudo da literatura en ambas as dúas linguas.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. Nun contexto de globalización en xeral e de europeización en particular, a aprendizaxe de idiomas é unha prioridade en todos os sistemas educativos. Posto que contribúe ao desenvolvemento do alumnado como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais.
- j) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio o corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte á vida cotiá para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Ademais, a través do servizo de comedor escolar, promoveremos unha dieta sa e equilibrada e as boas maneiras na mesa.
- k) Valorar criticamente os hábitos sociais e as consecuencias relacionados co consumo de masas, promovendo o coidado dos seres vivos e do medio ambiente e contribuíndo á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e alleas, así como o seu patrimonio artístico e natural; participar na súa conservación e na súa mellora. Recoñecer o valor das mulleres e homes que realizaron achegas importantes á ciencia, cultura e sociedade galegas ou a outras culturas do mundo.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas. Respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

2.5. Difusión deste Proxecto Educativo.

A páxina web do centro é o mellor medio para difundir o proxecto entre o alumnado, as familias e a comunidade educativa en xeral. Ademais, aproveitaremos as reunións de comezos de curso cos pais/nais/titores legais para comentarlles os aspectos máis significativos do proxecto. Así mesmo, haberá unha copia en forma impresa na sala de profesores (a disposición do profesorado) e na Secretaría do centro (a disposición da comunidade educativa).

2.6. Avaliación do proxecto educativo.

Nas reunións de Claustro e de CCP do mes de xuño valorarase o grao de cumprimento dos obxectivos fixados neste proxecto e poderanse facer propostas de mellora de cara a incorporalas no curso seguinte. As conclusións que se tiren destas reunións expoñeranse no Consello Escolar. Todos estes cambios reflectiranse na addenda anual que se remite á inspección educativa a comezos de cada curso escolar.

Así mesmo, cada catro anos este proxecto deberá ser revisado e actualizado, para o cal procederase a informar ao Claustro e a formar diferentes grupos de traballo co obxectivo de propoñer e incorporar novas ideas.

3. ORGANIZACIÓN XERAL DO INSTITUTO.

3.1. Tipoloxía escolar.

- TITULARIDADE: pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- NIVEIS EDUCATIVOS: Educación Secundaria Obrigatoria.
- NÚMERO DE UNIDADES: 4
- UBICACIÓN XEOGRÁFICA: Concello de A Pastoriza, provincia de Lugo.
- FINANCIACIÓN: pública.

3.2. Estrutura física do centro.

3.2.1. Descrición do recinto escolar.

O edificio do I.E.S. de Fonmiñá atópase na localidade de A Pastoriza, capitalidade do concello, e situado a 42 quilómetros da capital da provincia de Lugo.

O instituto empezou a funcionar no curso 1998-99 cun total de 121 alumnos-as matriculados, repartidos en 1º, 2º e 3º de Educación Secundaria Obrigatoria, sendo 12 o número de profesores que impartiron clase nese curso escolar. A súa inauguración tivo lugar o día 9 de febreiro de 1999 polo Excmo. Sr. Presidente da Xunta de Galicia. Porén, o edificio do I.E.S. non se utilizou ata o segundo trimestre por non estar rematado, e o primeiro trimestre desenvolveuse nas instalacións do C.E.I.P. da mesma localidade, coas dificultades que iso supuxo.

Trátase dun edificio que consta de dúas plantas: planta baixa e primeiro andar.

Na Planta baixa atópanse:

- Conserxaría.
- Oficinas de administración.
- Arquivo.
- Tres despachos: Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría.
- Departamento de Orientación.
- Dúas salas de usos múltiples: recepción de pais/nais e aula de convivencia.
- Sala de Profesores.
- Aula de Música.
- Aula de Informática.
- Aula-taller de Tecnoloxía.
- Laboratorio de Ciencias.
- Cafetería.

Primeiro andar:

- Sete aulas para o alumnado.

- Seis departamentos: Ciencias Sociais e Relixión, Matemáticas e Ciencias Naturais, Tecnoloxía e Plástica, Lingua Galega e Normalización Lingüística, Linguas Estranxeiras (Inglés e Francés), Lingua Castelá.
- Aula de Pedagogía Terapéutica.
- Aula pequena para desdobres ou PMAR.
- Aula de Plástica.
- Aula de Audiovisuais.

O edificio tamén dispón de dous locais de limpeza, un en cada planta, ademais de aseos separados para alumnos e alumnas e outros para profesores e profesoras nas dúas plantas. Os aseos están acondicionados para alumnado con mobilidade reducida. Así mesmo, contamos cun ascensor.

Con todo, o edificio está rodeado de numerosos desniveis (hai escaleiras, ramplas estreitas, bancadas das pistas, pendentes de herba moi pronunciadas, etc.) que fan imposible que ningún vehículo poida dar a volta completa, o que dificultaría o acceso aos servizos de emerxencia (bombeiros, ambulancia) de producirse algunha incidencia.

Así mesmo, unha persoa con cadeira de rodas ou mobilidade reducida podería acceder ao instituto, pero para ir ao comedor debería saír do recinto escolar e dar a volta pola estrada para poder acceder ao edificio anexo polo portalón traseiro (e aínda así debería subir o bordo da beirarrúa, que carece de rampla de acceso). Se tentase ir dende o instituto ao comedor sen saír do recinto, atoparíase ou ben con escaleiras, ou ben coas bancadas da pista de fútbol. Isto supón un problema cada vez que un dos nosos alumnos/as se lesiona e ten que acudir a clase con muletas. A Unidade Técnica informou do amaño destas deficiencias.

Por outra banda, nun edificio contiguo localízanse:

- Departamento de Educación Física.
- Ximnasio, que dispón de vestiarios con duchas para alumnos e alumnas.
- Almacén.
- Comedor e cociña.

O centro dispón ademais de:

- Vivenda para o/a conserxe, na actualidade sen habitar.
- Dúas pistas polideportivas ao aire libre, de fútbol e baloncesto, sen cuberta.
- Tres portalóns de entrada e servizo.

O edificio está rodeado dunha zona verde axardinada con árbores autóctonas e foráneas.

3.2.2. Horario de apertura das instalacións.

O centro permanecerá aberto de 09:00 a 16:00, contando co horario dos servizos complementarios, comedor e transporte escolares.

As sesións docentes desenvólvense de luns a xoves de 9:20 a 15:05 e os venres de 9:20 a 14:40, cun só período de lecer diario de 20 minutos, de 12:15 a 12:35 de luns a xoves e de 11:50 a 12:10 os venres. Non hai clase pola tarde.

Durante as vacacións de verán e outros períodos laborables non lectivos o centro permanecerá operativo de luns a venres de 10:00 a 13:00.

3.3. Estrutura organizativa do centro

3.3.1. Órganos de goberno:

3.3.1.1 Unipersoais: Equipo directivo.

O equipo directivo é o órgano executivo de goberno dos centros públicos. Na actualidade está formado por tres persoas encargadas de: Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría.

Estes membros realizarán as súas funcións de xeito coordinado, conforme ás instrucións do director/a e segundo as funcións específicas que lles corresponden. O director/a formulará a proposta de nomeamento á administración educativa dos cargos do equipo entre o profesorado con destino no centro. Os membros do equipo directivo cesarán nas súas funcións ao termo do seu mandato ou cando se produza o cese do director/a. En caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións do director/a, desempeñará as

súas funcións, con carácter accidental, o xefe/a de estudos, ao carecer o centro de vicedirector/a.

3.3.1.2 Colexiados: Consello Escolar e Claustro de Profesores.

A máxima instancia de goberno do centro é o **Consello Escolar**, no que se atopan representados todos os sectores da comunidade educativa, constituído por 6 membros: director/a, dous representantes do profesorado, un representante do alumnado, un representante do colectivo de pais/nais/titores legais do alumnado e un representante do concello de A Pastoriza.

O **Claustro de profesores e profesoras** é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. O Claustro será presidido polo director ou directora e estará integrado pola totalidade dos profesores e profesoras que presten servizo no centro. Na actualidade conta con 15 membros.

3.3.2. Órganos de coordinación docente:

3.3.2.1 Departamentos didácticos.

Son os encargados da organización e desenvolvemento das ensinanzas propias das materias, así como das actividades que se lles encomenden, dentro do ámbito das súas competencias.

No IES Fonmiñá contamos cos seguintes departamentos: Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, Francés, Matemáticas, Ciencias Naturais, Xeografía e Historia, Tecnoloxía, Educación Plástica, Educación Física, Música, Economía e Relixión.

Os xefes e xefas dos departamentos didácticos, que serán designados polo director/a do instituto e nomeados pola xefatura territorial da consellería, desempeñarán o seu cargo durante catro cursos académicos, renovables, de ser o caso.

3.3.2.2 Departamento de orientación.

Formado polo Orientador/a, que exercerá o cargo de xefe/a do departamento, e a mestra de Pedagogía Terapéutica. Así mesmo, cada ano formarán parte deste departamento os titores/as de cada grupo.

Actualmente presta tamén servizo a un dos nosos centros adscritos, o CEIP O Salvador de A Pastoriza.

Entre outras funcións encargarase de poñer en práctica o Plan de Acción Titorial e de asesorar ao alumnado e ás familias na orientación académica e profesional que precisen.

3.3.2.3 Departamento de actividades complementarias e extraescolares.

Ao carecer de vicedirector/a, será un profesor/a nomeado polo director/a, una vez escoitada a Comisión de Coordinación Pedagóxica, quen ostente a xefatura deste departamento e se encargue da organización, coordinación e seguimento destas actividades. Formará parte deste departamento, ademais do seu xefe/a, o profesorado encargado da biblioteca escolar. Para cada actividade concreta, incorporárase o profesorado responsable dela.

3.3.2.4 Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Estará integrada polo director/a, que será o presidente, o xefe/a de estudos, os xefes/as dos distintos departamentos didácticos, a persoa coordinadora do equipo de dinamización lingüística e o profesorado de apoio a alumnado con necesidades educativas especiais. Entre outras funcións encargarase de facer a proposta de titores de grupo, de establecer o calendario de avaliacións e de facer o seguimento do aspectos curriculares.

As competencias de todos estes órganos están especificadas no RD 324/1996.

3.3.2.5 Dinamizacións específicas.

Establécense as seguintes dinamizacións específicas, con atribución horaria, para realizar funcións en determinadas actividades, cuxos responsables serán designados pola dirección do centro.

- **Equipo de Dinamización Lingüística:** formado pola persoa coordinadora, un membro do persoal non docente, dous profesores/as e dous alumnos/as. Son os encargados de elaborar a proxecto anual do fomento do uso do galego, de facer o seu seguimento e de promover as actividades recollidas nel. Así mesmo, asesora á comunidade educativa en materia de corrección lingüística.
- **Dinamización da Biblioteca Escolar e do Proxecto Lector de Centro.** O equipo da biblioteca estará formado por unha persoa coordinadora e encargada de facer o seguimento do PLC, así como de algún profesorado de apoio (segundo dispoñibilidade horaria do instituto) e do alumnado que desexe adherirse ao plan de voluntariado da biblioteca.
- **Dinamización do Plan TIC.** Cun coordinador/a a cargo de facer o seguimento. Ademais, encárgase do mantemento e actualización dos equipos informáticos.
- **Dinamización do Plan de Convivencia.** O xefe/a do departamento de Orientación será a persoa encargada de coordinar as actividades previstas anualmente para fomentar unha boa convivencia no centro, moitas delas desenvolvidas a través do Plan de Acción Titorial.

Os dinamizadores serán nomeados polo período establecido na lexislación vixente e actuarán baixo a coordinación da xefatura de estudos.

Para a súa designación atenderase prioritariamente aos seguintes criterios:

- A formación específica na actividade de que se trate.
- A experiencia no desenvolvemento de dinamizacións, funcións ou tarefas semellantes.
- interese amosado polas persoas na realización e coordinación das tarefas de que se trata.
- A dispoñibilidade horaria das persoas susceptibles de ser designadas.

As funcións dos coordinadores/dinamizadores destes plans están recollidas nas normas de funcionamento do centro e nos propios plans.

3.3.3. Alumnado.

Fomentarase a participación do alumnado do centro no seu funcionamento, fundamentalmente a través dos delegados e delegadas e do seu representante no Consello Escolar.

Así pois, cada grupo de alumnado elixirá de xeito democrático, por sufraxio universal directo, secreto e non delegable durante o primeiro mes de curso escolar, un delegado ou delegada e un subdelegado ou subdelegada. A elección dos mesmos farase seguindo o procedemento descrito na normativa vixente.

3.3.4. O colectivo de pais/nais/titores legais do alumnado.

Somos conscientes de que todo o proceso formativo se sustenta nunha estreita colaboración entre escola e familia, sen a cal resulta difícil e mesmo inútil o esforzo educativo na formación integral do alumnado.

Con todo, a pesar de que este sector representa un dos piares esenciais no funcionamento dun centro educativo, cómpre destacar que no IES Fonmiñá nunca se constituíu unha asociación de pais/nais. Como xa comentamos, un dos obxectivos principais de calquera centro educativo é lograr a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe e na formación do alumnado. Por iso, animamos a este colectivo a participar nas eleccións ao Consello Escolar, para que poidan ter un representante neste órgano de goberno do centro. Así mesmo, apoiaremos a creación dunha ANPA, se o solicitaren.

As nais e pais do noso alumnado poderán entrevistarse, previa cita, cos titores/as do grupo ao que pertencen os seus fillos/as e co profesorado que lles imparta clase; serán informados por eles de todos os aspectos relativos á educación e formación dos mesmos e cooperarán, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do citado proceso educativo, no seguimento do traballo desenvolvido polos fillos /as e na realización das

actividades do centro. Terán, ademais, á súa disposición o departamento de orientación e o equipo directivo do centro para seren informados, asesorados e escoitados nas súas preocupacións e demandas. Cando sexan contactados polo centro para acudir ao mesmo por asuntos relacionados coa aprendizaxe dos seus fillos/as, ou ben por asuntos relacionados coa súa conduta, acudirán ao mesmo dentro do posible, e cooperarán nas medidas adoptadas polo centro. Serán escoitados antes da adopción das mesmas, e para tomalas terase en conta a súa contribución.

3.3.5. Persoal non docente.

O persoal non docente ten nos centros educativos un papel importante e desenvolve unha serie de funcións vitais para o bo funcionamento do mesmo. Fomentárase a participación deste sector do persoal na vida e organización do centro, e garantírase que poida desenvolver o seu labor nas debidas condicións de seguridade e de acordo coa normativa de prevención de riscos laborais e do cumprimento da demais normativa aplicable ao desenvolvemento das súas funcións e tarefas.

Actualmente o cadro de persoal non docente está formado por: 1 subalterno, 1 auxiliar administrativo e 2 limpadores (un deles a media xornada).

3.3.6. Servizos complementarios: comedor e transporte escolares.

Este centro dispón de servizo de transporte escolar gratuíto e de servizo de comedor de pago segundo a renda (para a maior parte dos alumnos/as tamén é gratuíto) para o alumnado de todos os cursos da ESO.

A maior parte do alumnado do IES Fonmiñá vén transportado nalgunha das seis liñas que compoñen o servizo de transporte escolar. A chegada ao centro prodúcese entre as 9:00 e as 9:15. Para atender ao alumnado desde que chega ao instituto ata que comezan as clases hai profesorado con horas asignadas de garda.

No que respecta ao servizo de comedor escolar, cómpre destacar que é de xestión indirecta. O contrato do servizo do comedor escolar está adxudicado na actualidade (desde agosto de 2017) por unha duración de dous cursos á empresa GESCOR, que é a

responsable de contratar ao persoal necesario, quen se encarga da preparación dos menús na cociña do centro, do seu servizo e da vixilancia do alumnado desde as 15:05, hora á que rematan as clases, ata as 15:45, hora á que o alumnado é recollido polo transporte escolar.

3.3.7. Colaboración cos servizos sociais e educativos do Concello e outras institucións.

O Concello de A Pastoriza colabora activamente na vida do centro en todo tipo de actuacións que se lle demandan, como por exemplo o mantemento e conservación das instalacións exteriores, a colocación de mobiliario, ademais de colaborar economicamente en diversas actividades extraescolares.

Ademais, consideramos importante coordinar o noso esforzo por promover o hábito lector coa Biblioteca Municipal, favorecendo a participación do noso alumnado en actos e concursos da contorna.

Así mesmo, o departamento de Orientación colabora estreitamente cos servizos sociais do Concello naqueles aspectos relevantes para o alumnado en situación desfavorecida.

4. ASPECTOS CURRICULARES.

4.1. Oferta educativa do centro:

1º ESO	
MATERIAS TRONCAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas (5 horas) • Lingua Castelá e Literatura (4 horas) • Bioloxía e Xeoloxía (4 horas) • Xeografía e Historia (3 horas) • 1ª lingua estranxeira: Inglés (3 horas)
MATERIAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física (2 horas) • Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2 horas) • 2ª lingua estranxeira: Francés (2 horas)

	<ul style="list-style-type: none"> • Relixión ou Valores Éticos (1 hora)
LIBRE CONFIGURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura (4 horas) • Oratoria (1 hora)
2º ESO	
MATERIAS TRONCAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas (5 horas) • Lingua Castelá e Literatura (3 horas) • Física e Química (3 horas) • Xeografía e Historia (3 horas) • 1ª lingua estranxeira: Inglés (3 horas)
MATERIAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía (3 horas) • Educación Física (2 horas) • Música (2 horas) • 2ª lingua estranxeira: Francés (2 horas) • Relixión ou Valores Éticos (1 hora)
LIBRE CONFIGURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura (3 horas) • Investigación e Tratamento da Información (1 hora)

Nota¹: Na actualidade estamos a valorar a posibilidade de ofertar algunha materia máis de libre configuración do centro, para que exista unha verdadeira optatividade e sempre e cando se cumpran os criterios de alumnado mínimo para que se poida habilitar un grupo. Así pois, a nosa proposta iría dirixida a mellorar o uso das novas tecnoloxías entre o noso alumnado a través da materia de Programación.

Nota²: Para todo aquel alumnado que estea exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira (Francés) por ter dificultades de aprendizaxe continuadas nas materias instrumentais, especialmente as lingüísticas, habílanse grupos de reforzo, impartidos por unha profesora de apoio.

3º ESO	
MATERIAS TRONCAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas

	<p>ou aplicadas (4 horas)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lingua Castelá e Literatura (3 horas) • Bioloxía e Xeoloxía (2 horas) • Física e Química (2 horas) • Xeografía e Historia (3 horas) • 1ª lingua estranxeira: Inglés (3 horas)
MATERIAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física (2 horas) • Música (2 horas) • Tecnoloxía (2 horas) • Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2 horas) • Optativa: 2ª lingua estranxeira (Francés) ou Cultura Clásica (2 horas) • Relixión ou Valores Éticos (1 hora)
LIBRE CONFIGURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura (3 horas)

4º ESO - OPCIÓN MATEMÁTICAS ACADÉMICAS

MATERIAS TRONCAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (4 horas) • Lingua Castelá e Literatura (3 horas) • Xeografía e Historia (3 horas) • 1ª lingua estranxeira: Inglés (3 horas) 	
MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (escoller 2)	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía (3 horas) • Física e Química (3 horas) 	<ul style="list-style-type: none"> • Latín (3 horas) • Economía (3 horas)
MATERIAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física (2 horas) • Relixión ou Valores Éticos (1 hora) 	
MATERIAS ESPECÍFICAS OPTATIVAS (escoller 2)	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3 horas) • Tecnoloxías da Información e da Comunicación (3 horas) 	

	<ul style="list-style-type: none"> • 2ª lingua estranxeira: Francés (3 horas) • Outra materia troncal de opción non cursada.
LIBRE CONFIGURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura (3 horas)
4º ESO - OPCIÓN MATEMÁTICAS APLICADAS	
MATERIAS TRONCAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas (4 horas) • Lingua Castelá e Literatura (3 horas) • Xeografía e Historia (3 horas) • 1ª lingua estranxeira: Inglés (3 horas)
MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN (escoller 2)	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía (3 horas) • Ciencias aplicadas á actividade profesional (3 horas) • Iniciación á actividade emprendedora e empresarial (3 horas)
MATERIAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física (2 horas) • Relixión ou Valores Éticos (1 hora)
MATERIAS ESPECÍFICAS OPTATIVAS (escoller 2)	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxías da Información e da Comunicación (3 horas) • Outra materia troncal de opción non cursada.
LIBRE CONFIGURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura (3 horas)

*Nota*³: No caso de contar con alumnado suficiente e segundo a dispoñibilidade de profesorado, non descartamos ofertar como materias específicas optativas para ambas as dúas ramas as que se citan a seguir: Filosofía, Música e Cultura Científica, todas elas cunha carga horaria de 3 horas.

No caso de habilitarse grupos para os Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento a distribución por materias sería a seguinte:

2º ESO – PMAR	
ÁMBITOS	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito lingüístico e social (9 horas) • Ámbito científico e matemático (8 horas) • Ámbito de lingua estranxeira: Inglés (3 horas)
MATERIAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía (3 horas) • Educación Física (2 horas) • Música (2 horas) • Reforzo lingüístico (2 horas) • Relixión ou Valores Éticos (1 hora)
LIBRE CONFIGURACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Investigación e Tratamento da Información (1 hora)

3º ESO – PMAR	
ÁMBITOS	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito lingüístico e social (9 horas) • Ámbito científico e matemático (8 horas) • Ámbito de lingua estranxeira: Inglés (3 horas)
MATERIAS ESPECÍFICAS	<ul style="list-style-type: none"> • Tecnoloxía (2 horas) • Educación Física (2 horas) • Música (2 horas) • Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2 horas) • Cultura Clásica (2 horas) • Relixión ou Valores Éticos (1 hora)

Nota⁴: Nos grupos de PMAR as materias específicas cúrsanse co grupo de referencia.

Nota⁵: Todos os grupos contan cunha hora de clase co seu titor/a, na que se levan a cabo actividades recollidas no Plan de Acción Titorial.

Nota⁶: Tamén é habitual, de dispoñer de profesorado suficiente, habilitar agrupamentos flexibles nos grupos no que sexa necesaria esta medida de atención á diversidade.

4.2. Materias de libre configuración.

Tal e como recolle a LOMCE, como materia de libre configuración autonómica, impártese a materia de Lingua e Literatura Galegas en todos os cursos da ESO.

Así mesmo, o centro oferta dúas materias de libre configuración en 1º e 2º de ESO (cunha hora lectiva semanal en cada curso): Oratoria en 1º ESO e Investigación e Tratamento da Información en 2º ESO.

Nun futuro, sempre que academos o número mínimo de alumnado requirido pola administración, desexaríamos ampliar esta oferta para que houbera unha verdadeira optatividade por parte do alumnado. Xa que logo, non descartamos incluír materias como programación ou ofertar unha hora de reforzo ou afondamento dalgunha das materias.

4.3. Metodoloxía: directrices xerais.

A **metodoloxía educativa** constitúe o conxunto de decisións e actuacións que organizan a acción didáctica na aula, establecendo o papel desempeñado polo profesorado e o alumnado, os tipos de actividades que se van desenvolver, a organización espazo-temporal das mesmas, os medios e recursos didácticos, como se avalía e se retroalimenta o proceso educativo.

Isto permite a posibilidade de desenvolver diversas metodoloxías co obxectivo de acadar as competencias clave.

A metodoloxía educativa no noso centro presenta as seguintes características:

- O proceso educativo basease na metodoloxía construtivista; por tanto é necesario realizar unha **atención individualizada** que permita que cada un dos nosos alumnos e alumnas acaden o seu máximo potencial. Para isto cómpre tomar medidas de atención á diversidade para dar resposta ás posibles dificultades de aprendizaxe e ao respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- O papel das **profesoras ou profesores como orientadores do proceso de ensino-aprendizaxe**, promovendo no alumnado a participación activa, o desenvolvemento de iniciativas propias e a reflexión. O obxectivo é que acaden as competencias de aprender a pensar e aprender a aprender.

- A utilización de **metodoloxías activas, participativas, plurais, motivadoras e transversais** encamiñadas a fomentar o interese dos alumnos e alumnas nas materias para así conseguir lograr as competencias básicas.
- Darase prioridade ao deseño de actividades de aprendizaxe integradas que lle permita ao alumnado acadar máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Procurarase que o alumnado se interese pola participación activa e democrática na sociedade.
- Fomentarase a lectura e o uso das TIC como ferramentas educativas na práctica docente de todas as materias.
- Favoreceranse entre o alumnado valores como o traballo en equipo e a colaboración, mediante actividades complementarias e extraescolares.
- Estimularase a investigación, a adquisición de coñecementos e a sistematización científica, de cara a unha utilización práctica, evitando a desconexión entre esta e a teoría.
- A orde e a disciplina, que son necesarias para realizar este labor, basearanse no respecto mutuo, o diálogo, a reflexión e a colaboración.

Así mesmo, consideramos que cada departamento didáctico e cada profesor e profesora aporta un estilo docente propio; o labor educativo de cada profesor e profesora será libre e non será interferido ou modificado sempre que sexa respectuoso cos principios establecidos neste proxecto educativo e no conxunto da lexislación vixente.

4.4. Tratamento de temas transversais.

Un dos obxectivos fundamentais da educación escolar é lograr que os alumnos e alumnas desenvolvan aquelas capacidades que se consideran necesarias para formarse como cidadáns con plenos dereitos e deberes na sociedade na que viven.

Estas capacidades teñen que ver cos coñecementos das distintas áreas, mais non se esgotan neles. Hai cuestións de gran transcendencia na época actual sobre as que a nosa sociedade reclama unha atención prioritaria, como son a violencia, a escasa presenza de valores éticos básicos, as discriminacións, as desigualdades ou a pouca importancia dada a unha dieta equilibrada. A educación debe posibilitar que os alumnos e as alumnas sexan quen de entender estes problemas cruciais e de elaborar un xuízo crítico respecto deles,

sendo capaces de adoptar actitudes e comportamentos baseados en valores racionais e libremente asumidos.

Dende o noso centro, tentarase ofrecer ao alumnado unha formación que, ademais de resultar suficiente no plano dos coñecementos, lle permita desenvolverse como persoa de acordo con valores éticos e morais. Esta formación integral do alumnado inclúe os temas transversais, que non poden presentarse como programas paralelos ao resto do desenvolvemento do currículo, senón que deben atoparse integrados en gran parte dos contidos educativos e impregnar a totalidade de actividades do centro.

Na Educación Secundaria Obrigatoria debemos considerar o artigo 6 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, no que se fai referencia aos elementos transversais, así como a breve referencia do artigo 4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa.
- Fomentarase a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todos, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
- Fomentarase a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero ou contra as persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Fomentarase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o rexeitamento á violencia terrorista,

a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo o xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Adoptaranse medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte da práctica diaria dos alumnos e alumnas, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.
- No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peóns, viaxeiros e condutores de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Os distintos departamentos, nas súas programacións didácticas, e o departamento de Orientación no Plan de Acción Titorial, planificarán os momentos máis oportunos para abordar os elementos transversais, así como o xeito máis adecuado para desenvolvelos. Certos temas, polo seu carácter interdisciplinar, serán tratados en xornadas especialmente dedicadas a eles, nas que se facilitará a participación de todos os integrantes da comunidade educativa con charlas, coloquios e diversas actividades. Así, por exemplo,

levaranse a cabo charlas sobre drogodependencias, sexualidade, alimentación saudable ou ciberacoso; organizaranse encontros literarios, asistencia a obras teatrais, saídas ao campo...

Poderán levarse a cabo actividades de concienciación sobre estes temas aproveitando a celebración de determinadas datas conmemorativas, como as que se amosan a continuación:

- 21 de setembro: Día Internacional da Paz
- 26 de setembro: Día Europeo das Linguas
- 16 de outubro: Día Mundial da Alimentación
- 17 de outubro: Día Internacional para a Erradicación da Pobreza
- 16 de novembro: Día Internacional para a Tolerancia
- 20 de novembro: Día Universal do Neno
- 25 de novembro: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade
- 6 de decembro: Día da Constitución Española
- 10 de decembro: Día Internacional dos Dereitos dos animais
- 30 de xaneiro: Día Mundial da Non Violencia e a Paz
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
- 21 de marzo: Día Forestal Mundial
- 21 de marzo: Día Internacional contra o Racismo
- 22 de marzo: Día Mundial da Auga
- 7 de abril: Día Mundial da saúde
- 1 de maio: Día Mundial do Traballo
- 9 de maio: Día de Europa
- 31 de maio: Día Mundial sen Tabaco
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

É mester sinalar que o noso centro se atopa nunha área eminentemente rural, polo que o tratamento dalgúns temas transversais cobra especial relevancia. Así, dende o noso centro e

tendo presente a localización do mesmo, parécenos relevante incidir na importancia do coidado e respecto polo medio ambiente. Consideramos fundamental que o alumnado asuma valores, interese e preocupación polo seu medio, así como que contribúa á preservación do mesmo. Por outra banda, e tendo en conta que o alumnado se relaciona co medio que o rodea e moitas das súas accións son froito desa interrelación, parécenos importante incidir no coñecemento dos efectos do alcol, xa que constatamos que, no entorno do alumnado, o consumo de alcol é unha actividade social plenamente normalizada. O mesmo sucede co tema de educación e seguridade viaria, dado que temos o coñecemento de que un alto número de alumnos manexa vehículos agrícolas, sen ter en conta que nin están en idade de facelo nin os perigos que isto entraña.

Por outra banda, e como consecuencia tamén de estar o centro situado na contorna rural, cun ambiente conservador nas familias e no entorno no que viven e se educan os nosos alumnos/as, notamos a pervivencia de roles e estruturas machistas, xa que os homes adoitan traballar nas labores agrícolas que requiren maquinaria, mentres que as mulleres se fan cargo das tarefas domésticas. Xa que logo, parécenos fundamental loitar contra os estereotipos de xénero e evitar as condutas que poidan levar ao control ou á violencia contra as mulleres. Así mesmo, coidamos que é importante ensinarlles a respectar a identidade de xénero, xa que non adoitan ver este tipo de situacións na súa contorna e amósanse algo reticentes a aceptar estas diferenzas ou as toman como motivo de broma.

4.5. Criterios para o agrupamento do alumnado.

Ao sermos un centro pequeno, cun número de alumnos/as reducido, non hai un criterio para configurar os grupos. Só contamos cun grupo por curso e, xa que logo, cada alumno/a vai no curso que lle corresponde por idade.

Con todo, agruparase ao alumnado segundo as optativas elixidas, de xeito que se garanta o máximo respecto posible á elección dos alumnos/as na súa matrícula, coas limitacións derivadas dos recursos dispoñibles no centro e da lexislación en canto ao número mínimo de alumnado nas diferentes materias.

Con respecto a outros agrupamentos (PMAR, exencións da 2ª lingua, agrupamentos flexibles, etc.), estes faranse de xeito que se garanta o acceso de todo o alumnado que o

precise ás medidas de atención á diversidade existentes no centro, dentro das posibilidades e recursos existentes.

4.6. Criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios.

De cara á elaboración dos horarios do alumnado, na medida do posible atenderase aos seguintes criterios:

- En xeral, ningunha materia poderá ter asignada máis dunha sesión lectiva diaria no mesmo grupo, agás os ámbitos dos Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, ou as materias que se atopan na primeira franxa horaria de luns a xoves, que contan con sesión e media. Nesas sesións da mañá darase prioridade ás materias que contan con 3 horas lectivas semanais, e serán colocadas ou ben luns e mércores ou ben martes e xoves. Para os ámbitos de PMAR poderase colocar máis dunha sesión lectiva na mesma xornada, cun máximo de dúas, que serán en todo caso correlativas.
- Procuraranse distribuír as sesións das diferentes materias de forma equilibrada ao longo da semana, preferiblemente en días alternos. De non ser posible isto último, tentarase que non sexan colocadas todas as sesións en días consecutivos.
- Na medida do posible, evitarase que unha mesma materia coincida no mesmo grupo á última hora lectiva máis dun día á semana, salvo que haxa criterios pedagóxicos que o aconsellen ou o departamento encargado de impartila o solicite por causas fundamentadas, que serán apreciadas pola xefatura de estudos e a dirección.

Estes criterios serán prioritarios fronte a calquera preferencia por parte do profesorado para a elaboración dos horarios.

4.7. Criterios xerais de avaliación, promoción e titulación.

4.7.1. Avaliación inicial.

Nas primeiras semanas de cada curso, cada profesor/a realizará as probas que considere necesarias para avaliar os coñecementos previos do alumnado en cada materia e determinar

o grao de adquisición das competencias básicas. Na primeira quincena de outubro terá lugar a sesión de avaliación inicial para poñer en común as conclusións que se deriven destas probas, con vistas a tomar decisións sobre medidas de atención á diversidade. Cada departamento recollerá na súa programación os instrumentos para realizar esta proba de nivel.

4.7.2. Avaliación continua.

A avaliación do proceso de aprendizaxe de cada alumno/a debe cumprir unha función formativa, dándolle información sobre a evolución dos seus estudos ao longo do curso, analizando as dificultades atopadas e valorando a necesidade de establecer ou variar as medidas de atención a diversidade dispoñibles. Así mesmo esta avaliación será continua e nela utilizaranse metodoloxías diversas, adaptadas para cada materia.

A avaliación levarase a cabo tendo en conta as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación recollidos nas programacións didácticas que os departamentos establecen para cada materia.

Os titores/as de cada grupo e o resto do profesorado manterán unha comunicación fluída co alumnado e os seus pais/nais ou titores legais no relativo ás valoracións sobre o aproveitamento académico do alumnado, así como, de ser o caso, no referente ás medidas de reforzo educativo ou adaptación curricular adoptadas. Polo tanto, tras cada sesión de avaliación, así como cando se dean circunstancias que o aconsellen, informarán ás nais e pais ou titores e ao propio alumnado sobre este aspecto, comunicación que se fará preferiblemente por escrito.

4.7.3. Criterios de avaliación comúns acordados polo Claustro.

En todas as programacións didácticas teranse en conta os seguintes aspectos:

- Farase un seguimento de quen fai as tarefas e quen non.
- Os exames, traballos e redaccións ilexibles ou mal presentados NON se corríxen.
- Teranse en conta as faltas de ortografía en TODAS as materias, co máximo que se estableza en cada programación, segundo o caso.

- En canto aos traballos:
 - Débense entregar con puntualidade absoluta (fóra de prazo non se recollen).
 - Deben ter unha boa presentación (con portada), estar escritos a unha cara e coidando caligrafía, ortografía, marxes, etc.
 - Un traballo copiado terá unha cualificación de “0”.
 - Para evitar copias ou plaxios, pódese requirir que calquera traballo sexa exposto polo seu autor, ou poderase facer un control ao grupo sobre o contido dos mesmos.

4.7.4. Criterios de promoción na ESO.

Tal e como recolle a LOMCE, o alumnado da ESO poderá promocionar de curso no caso de superar todas as materias cursadas ou ter avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De forma excepcional, poderá autorizarse a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:

a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas. No caso dos Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR), non poderán estar suspensos ningún dos dous ámbitos.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao alumno ou á alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.

c) Que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Poderá tamén autorizarse de xeito excepcional a promoción dun alumno ou unha alumna con avaliación negativa en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua

Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas, cando o equipo docente considere que o alumno ou a alumna poden seguir con éxito o curso seguinte, que teñen expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa, e sempre que se lle apliquen ao alumno ou á alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador.

Lembramos que para os efectos de promoción, computaranse como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores.

Para valorar estas posibilidades non pode existir por parte do alumnado unha actitude de abandono cara a materia. Considerarase abandono de materia:

- As faltas reiteradas de asistencia a clase sen a debida xustificación documental que imposibilitan a correcta aplicación dos criterios de avaliación continua, debidamente notificadas á xefatura de estudos e á familia.
- A actitude pasiva e a pouca ou nula participación na materia (non tomar apuntamentos, non responder ás preguntas do profesorado, non participar nos traballos de grupo, realizar tarefas doutras materias durante a clase, etc.).
- A actitude negativa na clase (distraer e /ou molestar aos demais, falar decote, non facer caso ao profesorado cando lles chama a orde, etc.)
- Non realizar as tarefas, deberes, traballos, actividades de recuperación ou plans de reforzo e deixar exames en branco ou con pouco contido, etc.

Estas actitudes de abandono deben estar reflectidas nos partes de asistencia, nas actas das reunións de equipos docentes ou de avaliación, na información aos tutores, etc., e deberán ser notificadas á familia do/a alumno/a (a través dos boletíns de cualificacións, das entrevistas co/a titor/a, ou ben mediante correo certificado), de forma que este rexistro contribúa a unha decisión máis fundamentada.

4.7.5. Criterios para a titulación na ESO.

O alumnado que supere todas as materias da etapa **obterá o título** de Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria. Con todo, poderá obter este título o/a alumno/a que finalizase o curso con avaliación negativa nunha ou dúas materias, sempre que o equipo docente considere que a natureza e o peso das mesmas no conxunto da etapa non lle impida

acadar as competencias básicas e os obxectivos da etapa, de acordo cos criterios que se establecen neste Proxecto Educativo de centro.

Cando na avaliación extraordinaria de setembro queden ata dúas materias con avaliación negativa **poderase autorizar a titulación do/a alumno/a que cumpra os seguintes requisitos:**

- Que non teña dúas materias suspensas de carácter instrumental (as combinacións de Matemáticas con Lingua Castelá ou Matemáticas con Lingua Galega).
- Que en ningunha das dúas materias a cualificación sexa menos de 3. Como equipo docente teremos esa nota como referencia para evitar casos de abandono de materia. Con todo, estudarase cada caso individualmente para valorar excepcións puntuais e votarase en consecuencia.

Lembramos que para os efectos de titulación, computaranse como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores.

4.7.6. Criterios para obter matrícula de honra ao finalizar a ESO.

O alumnado que despois da avaliación ordinaria do mes de xuño do 4º curso da ESO obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9 poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5%, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no noso centro no 4º curso.

Para a concesión da matrícula de honra seguiranse os criterios que citamos a seguir, acordados previamente en sesión da Comisión de Coordinación Pedagóxica:

- Mellor nota media en 4º de ESO, chegando ata o 4º decimal.
- No caso de empate, mellor nota media en 3º de ESO, chegando ata o 4º decimal.
- De persistir o empate continuaríamos calculando a nota media ata o 4º decimal en 2º de ESO e, posteriormente, en 1º de ESO.

4.8. Aspectos xerais para a elaboración das programacións didácticas.

A programación didáctica dos departamentos incluíra cando menos os seguintes aspectos para cada materia (ou áreas integradas nun ámbito) na ESO:

- Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para cada curso, con especial referencia aos mínimos esixibles.
- A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.
- As porcentaxes aplicables a eses instrumentos de avaliación.
- As actividades de recuperación para o alumnado con materias ou avaliacións pendentes e os reforzos para lograr a devandita recuperación.
- Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros de texto para uso do alumnado.
- A programación correspondente aos temas transversais.
- As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o departamento.
- As medidas de atención á diversidade e, se é o caso, as adaptacións curriculares para o alumnado que as precise.

En calquera caso, as programacións didácticas incluírán aqueles aspectos que determine a lexislación aplicable a cada ensinanza, así como as suxestións que en base a esta lexislación formule a inspección educativa. Cómpre destacar que, en xeral, todo o profesorado utiliza o modelo remitido pola inspección tras o paso á LOMCE.

O profesorado programará a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do departamento ao que pertencen; no caso de que algún profesor ou profesora decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do departamento, esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o departamento ou, en último caso, a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

4.9. Atención á diversidade: estratexias para acadar os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Cando o progreso dun alumno ou alumna nunha materia non sexa o adecuado, determinaranse as medidas de atención á diversidade que procedan. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a favorecer a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O alumnado que promocioe de curso sen ter superado todas as materias seguirá un **programa de recuperación de materias pendentes** e deberá superar as probas de avaliación correspondentes. Esta avaliación terase en conta para os efectos de cualificación dos contidos non adquiridos. Correspóndelles aos departamentos didácticos especificar nas súas respectivas programacións a organización destes programas. Cada profesor/a desenvolverao no curso no que imparte docencia.

O alumnado que non promocioe permanecerá un ano máis no mesmo curso, e seguirá un **plan de reforzo individualizado** co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas. Nestes casos, sempre que a dispoñibilidade horaria do profesorado o permita, contéplase a **posibilidade de habilitar agrupamentos flexibles**, principalmente nas áreas instrumentais, aínda que tamén poden darse noutras materias, de ser necesario.

Para os casos máis graves, especialmente aqueles que necesitan de adaptacións curriculares, contamos así mesmo coa **presenza dunha profesora de Pedagogía Terapéutica**, que intervén principalmente nas materias instrumentais (linguas e matemáticas). Con todo, por falta de dispoñibilidade horaria, non poderá atender a todas as materias, polo cal cada departamento será responsable de elaborar as **adaptacións curriculares** que se determinen, segundo a lexislación vixente, para que o profesorado correspondente poida poñelas en práctica durante as súas clases co alumnado en cuestión.

Por outra banda, existe tamén a **exención do ensino da segunda lingua estranxeira**. Para aplicar esta medida, ao comezo de cada curso, durante a avaliación inicial, revisaranse as competencias dos alumnos/as, valorando os informes previos (se veñen de Primaria e/ou se incorporan por primeira vez ao centro) e, tras reunión co departamento de Orientación, decidírase que rapaces e rapazas cumpren os requisitos. Para todos aqueles alumnos/as que presenten serias dificultades de aprendizaxe, especialmente nas materias lingüísticas, procederase a solicitarlles esta exención da materia de Francés e durante esas dúas horas semanais recibirán clases de reforzo educativo cunha profesora de apoio que lles axudará

naqueles aspectos nos que se detectasen dificultades. A dirección do centro, oídos os pais/nais, e lidos os informes do departamento de Orientación e dos titores, cursará a dita autorización de exención da segunda lingua estranxeira, seguindo a lexislación vixente.

Así mesmo, de darse o caso de contar con alumnado suficiente que cumpra cos requisitos, poderase solicitar a habilitación dun grupo no **Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR)**, en 2º ou 3º de ESO.

Por último, cómpre destacar que tamén podemos optar por un **programa PROA (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio)** destinado a alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve. Este programa está pensado para reforzar os seus coñecementos nas áreas instrumentais (matemáticas e linguas). Consideramos importante valorar anualmente a nosa participación, dependendo das características do alumnado, xa que adoitamos detectar certas eivas académicas, especialmente no alumnado de 1º de ESO, que chega ás veces cun nivel escaso.

4.10. Criterios para a organización de actividades complementarias e extraescolares.

4.10.1. Contribución ás competencias básicas.

A contribución das actividades complementarias e extraescolares á adquisición de competencias básicas, necesarias para que a aprendizaxe non se limite aos anos de escolarización senón que se convertan nunha práctica de vida, é moi importante e fórmulase desde unha perspectiva máis lúdica e motivadora que a das clases regradas.

- A **competencia en comunicación lingüística** vese favorecida polo diálogo e o intercambio oral de puntos de vista entre o propio alumnado, o profesorado e/ou con persoas alleas ao centro ás que se chega a través de charlas, obradoiros, etc., e incentívase na vertente escrita cando a preparación ou desenvolvemento da actividade require esa forma de comunicación.
- Poténcianse a **competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** grazas ao desenvolvemento de actividades relativas a estas áreas do coñecemento, favorecendo a colaboración do alumnado na preparación das

mesmas cando requiren cálculos, conceptos ou procedementos propios destas materias.

- **A competencia dixital** é vital para a xente nova na sociedade actual. Pódese contribuír ao logro desta competencia mediante a implicación do alumnado na preparación das actividades, así como coa súa realización (indagacións previas na rede na procura de datos, aproveitamento posterior do realizado, tratamento da información recibida, elaboración de traballos ou resumos sobre a actividade, etc.)
- É evidente que **as competencias sociais e cívicas** actívanse mellor coa práctica. Saír do marco escolar habitual obriga ao contacto do alumnado con contornos sociais e profesionais a miúdo pouco relacionados coa súa vida doméstica e familiar. Sen dúbida, as actividades complementarias e extraescolares favorecen o desenvolvemento de habilidades sociais necesarias para a vida cotiá.
- É tamén obvio que a **conciencia e o respecto polas expresións culturais** se reforzan e mesmo adquiren sentido a través de visitas didácticas a centros históricos, museos, exposicións, teatros, cines, etc., convertendo en experiencias vitais os datos aprendidos nun libro de texto ou nun tema escolar.
- O mesmo pode dicirse da **competencia para aprender a aprender**: as actividades complementarias e extraescolares poden espertar no alumnado unhas inquiredanzas de coñecemento e unhas estratexias para logralo que se proxectan cara ao futuro como un hábito enriquecedor.
- **O sentido da iniciativa e espírito emprendedor** tamén quedan reforzados cando con carácter relativamente frecuente o alumnado se ve exposto a situacións novas, alleas á experiencia puramente familiar e escolar. Ademais, foméntase que os rapaces e rapazas propongan actividades acordes aos seus intereses.

Como consecuencia do dito, parece claro que é preciso combinar as actividades escolares que se desenvolven no ámbito da clase con outras realizadas tamén no centro pero en espazos diferentes e con outras que levan ao alumnado a traspasar as paredes da escola para entrar en contacto con realidades profesionais e vitais moi variadas. Partindo da convicción de que esta apertura favorecerá a maduración persoal e intelectual do alumnado

tentamos combinar de xeito harmónico as actividades docentes diarias, que son prioritarias, coas complementarias e extraescolares.

Para lograr esa harmonía é preciso partir de criterios claros e fixar protocolos que faciliten a orde necesaria nas actividades puramente docentes sen restar flexibilidade e axilidade ao fomento das actividades complementarias e extraescolares.

4.10.2. Criterios xerais para a súa realización.

O equipo directivo, o Claustro de profesores e os distintos departamentos didácticos considerarán, e o Consello Escolar aprobará, aquelas actividades complementarias e extraescolares que mellor se axeiten á formación e intereses do noso alumnado, tendo en conta sempre os valores que como centro educativo queremos promover.

Estas actividades deben ser propostas e planificadas a principios de curso para incluílas na Programación Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares, ou como mínimo con tempo suficiente para que o Consello Escolar poida revisalas e aprobalas antes da súa realización. Este programación formará parte da Programación Xeral Anual (PXA).

En xeral, fomentárase a distribución homoxénea das actividades, tanto temporalmente como por niveis, cursos e grupos e por departamentos. Prestarase especial atención a non organizar un número elevado de actividades en momentos intensos como o previo ás avaliacións, en especial a ordinaria de xuño (3ª avaliación).

A comezos de curso o/a xefe/a do departamento de actividades complementarias e extraescolares proporcionará unha autorización xenérica a todo o alumnado do centro para a realización das mesmas dentro dos límites do concello. Para as demais saídas, daráselles unha autorización específica. Ademais, proporcionaremoslles ás familias e ao alumnado as autorizacións debidas sobre o dereito á propia imaxe para que dean o seu consentimento se o consideran axeitado, xa que adoitamos facer fotografías e/ou vídeos das nosas actividades para publicalos na nosa páxina web ou nos perfís do centro nas redes sociais (principalmente Facebook e Instagram).

Para propoñer calquera actividade haberá que entregar cun mínimo de 15 días na xefatura de estudos un programa da mesma no que conste:

- Departamento/s responsable/s.
- Xustificación e obxectivos.
- Horario detallado das actividades.
- Orzamento: custos, achegas do alumnado e/ou do centro.
- Relación do alumnado participante e autorizacións dos seus pais/nais ou titores legais.
- Relación do profesorado colaborador, que deberán ser 2 profesores/as como mínimo e, con carácter xeral, 1 profesor/a por cada 20 alumnos/as (non é imprescindible que impartan clases ao grupo que realiza a actividade).

Unha copia deste programa será remitida ao Consello Escolar para solicitar a súa aprobación, de ser o caso. Unha vez obtida a mesma poderase levar a cabo a dita actividade. O profesorado responsable encargarse de expoñer na Sala de Profesores a data e hora da actividade e unha lista do alumnado participante para informar a todo o profesorado afectado.

Durante a realización dunha actividade extraescolar todo o profesorado do centro manterá o seu horario para colaborar, se é preciso, na garda dos grupos que non teñen clase por ausencia dos profesores e profesoras participantes na mesma.

O alumnado que non desexe asistir ás actividades extraescolares (espectáculos, excursións, viaxes, etc. fóra do centro) deberá acudir igualmente ao centro escolar onde será atendido polo profesorado de garda.

As normas recollidas no NOFC (antigo Regulamento de Réxime Interior) rexen igualmente en calquera saída escolar.

Cando as actividades teñan lugar dentro do horario lectivo do centro e sexan organizadas por outras entidades alleas ao mesmo (como, por exemplo, o programa Xogade da Secretaría Xeral para o Deporte ou as Escolas Deportivas Municipais) autorizarase ao alumnado a participar nelas sempre e cando a dita entidade o comunique ao equipo directivo coa debida antelación (cando menos 15 días) e entregue a documentación que se cita a seguir:

- Comunicado no que se especifique o lugar, a data e a hora do evento, e o nome da entidade que a organiza.
- Lista do alumnado participante.
- Autorizacións (ou copia das mesmas) dos representantes legais do alumnado para realizar a dita actividade.

A lista do alumnado participante exporase na sala de profesores para o seu coñecemento, de xeito que estas ausencias non afecten ao rendemento académico dos alumnos/as.

5. ACCIÓN TITORIAL

5.1. Liñas xerais para a elaboración do Plan de Acción Tutorial.

A acción tutorial está intrinsecamente vinculada á función docente. A tutoría convértese no eixo da función orientadora, ao entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo e dirixido ao desenvolvemento integral de todo o alumnado e a todos os niveis.

O **Plan de Acción Tutorial (PAT)** é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento da acción tutorial nos centros educativos. A súa elaboración corresponde ao departamento de Orientación en colaboración coa dirección do centro e o profesorado titor seguindo as directrices establecidas pola CCP.

De seguido citaremos as liñas xerais nas que se centrará o noso PAT:

- Ofrecer actividades de acollida tanto ao novo alumnado como ás familias, para que coñezan o noso centro e se sintan benvidos á nosa comunidade educativa.
- Dar a coñecer técnicas de traballo intelectual que favorezan a adquisición das competencias básicas, ensinándolles así mesmo a traballar tanto individualmente como en grupo, aprendendo a organizar o seu tempo de traballo e de lecer.

- Ofrecer ao alumnado e ás familias orientación axeitada aos seus intereses, tanto a nivel académico (opcións educativas se queren continuar cos seus estudos) como profesional (no caso de que desexen incorporarse ao mundo laboral).
- Axudar ao alumnado na construción da súa identidade persoal.
- Mellorar a súa capacidade de aprender e de pensar, de razoar con sentido crítico sobre a realidade que nos rodea.
- Desenvolver no alumnado habilidades sociais para unha boa convivencia, contribuíndo a que melloren a súa capacidade de adaptación escolar e social e favorecendo a resolución pacífica de conflitos.
- Ensinar e aprender a tomar decisións, favorecendo a súa autonomía.
- Fomentar actividades que potencien o gusto pola lectura e pola reflexión.
- Organizar actividades que favorezan o consumo responsable e o coidado do medio natural.

5.2. Criterios para escoller tutores/as.

Haberá un titor ou titora por cada grupo de alumnado, que será designado polo director/a, a proposta do xefe/a de estudos, unha vez oído o xefe/a do departamento de orientación e os membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Neste nomeamento teranse en conta, a poder ser, os seguintes criterios:

- Impartir docencia ao grupo completo.
- Profesorado con menor carga horaria, ou con menos materias afíns que impartir.
- Preferentemente profesorado definitivo no centro.
- Preferentemente profesorado que xa fora titor do grupo no curso anterior.

O titor/a deberá ser informado dos asuntos relacionados co seu grupo (actividades, reclamacións, conflitos disciplinarios, etc.) e ante a imposición das sancións segundo o recollido nas normas de funcionamento e convivencia. Poderanse realizar as reunións do profesorado de cada grupo co seu titor ou titora que a xefatura de estudos ou a propia persoa titora consideren necesarias.

Entre outras funcións, os tutores/as serán os encargados de desenvolver o **Plan de Acción Titorial** nas horas de tutoría asignadas ao seu grupo, baixo a coordinación do departamento de Orientación.

As funcións específicas dos tutores/as están recollidas no Regulamento Orgánico dos Centros de Secundaria (RD 324/1996).

5.3. Compromisos educativos coas familias.

Todas as actuacións do proceso de ensinanza-aprendizaxe que desenvolve o centro van encamiñadas ao máximo logro do desenvolvemento persoal e das capacidades do noso alumnado. Non obstante, somos conscientes de que a educación que recibe cada alumno/a é o resultado dos esforzos conxuntos do centro como institución, de cada alumno/a e das súas respectivas familias. A participación activa das familias no proceso educativo, tanto na escola como no fogar, proporcionando o apoio esencial, a axuda e os valores axeitados cara o centro, o estudo e a convivencia, aumenta significativamente as expectativas e o potencial dos seus fillos e, como consecuencia, o éxito académico e maduración afectiva e relacional adecuadas.

No Plan de Acción Titorial está recollido o procedemento para establecer compromisos académicos ou de convivencia coas familias que teñan por obxecto a mellora na formación educativa dos seus fillos e o bo funcionamento do centro.

6. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO:

- **Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (antigo RRI) (2013)**
- **Plan xeral de atención á diversidade (2018)**
- **Plan de Acción Titorial e Plan de Orientación Académica e Profesional (2018)**
- **Plan de Convivencia (2016)**
- **Plan TIC (2016)**
- **Proxecto lector (2016)**
- **Proxecto Lingüístico (2017)**
- **Proxecto de promoción de estilos de vida saudables.**
- **Plan Proxecta: O mundo que queremos (desde 2016) e Quérote+ (desde 2017).**

- **Programas de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).** En xeral o profesorado do centro participa nos cursos ofertados polo CAFI ou polo CFR de Lugo. Con todo, no noso instituto o profesorado recibe formación e actualización periódica sobre Soporte Vital Básico, un curso impartido polo profesor de Educación Física, para actuar con rapidez e eficacia en casos de emerxencia.
- **SSBB/Centros plurilingües** (actualmente non hai)
- **Plan de autoprotección.**

Todos estes plans atópanse en documentos aparte e inclúense como anexos.

Dona María Isabel Valiela Pérez, como secretaria do IES Fonmiñá

CERTIFICA

Que este Proxecto Educativo de Centro recibiu a conformidade do Claustro de profesores e foi aprobado en Consello Escolar o día 27 de xuño de 2018, sendo remitido a inspección educativa o 28 de xuño de 2018.

A Pastoriza, 28 de xuño de 2018.

Vº e prace da directora



Asdo.: Ana Campos Rey.



Asdo.: María Isabel Valiela Pérez.

ANEXO 1: BIBLIOGRAFÍA LEXISLATIVA.

Marco lexislativo

- LEI ORGÁNICA 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.

Organización e funcionamento

- DECRETO 324/1996 polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (ROIES).
- ORDE do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996.

Aspectos curriculares

- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Titulación

- REAL DECRETO 562/2017, do 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención dos títulos de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, de acordo co disposto no Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación de la Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- RESOLUCIÓN do 9 de xuño da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017 do 2 de xuño.

Libre configuración

- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Atención á diversidade

- CIRCULAR 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Normativa de igualdade

- DECRETO lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.